



ART

IFICIOS

en Villa Concepción

Pavimento cerámico do salón de «Villa Concepción», concello de Cambre.

ORGANIZA:

COORDINA:



 /ArtificiosVillaConcepcion

 @ArtificiosVilla

 # ArtificiosVilla

DOSIER DE PRENSA

Artificio:**Proceso mediante o que se obtén un obxecto artístico. // Mecanismo enxeñoso.***(Fonte diccionario da RAG)***Artífice:****Persoa que realiza, crea ou inventa algo. // Sinónimos: autor, creador, inventor.***(Fonte diccionario da RAG)*

Artificios é un programa organizado polo Concello de Cambre para a exhibición e difusión dos produtos e creacións que nel se levan a cabo. Son os obxectos deseñados e feitos realidade polos artífices, as persoas que crean coas súas mans e o seu enxeño.

Este programa transforma a Vila de Cambre nun punto de unión e reunión para todos os artífices que queren compartir, mostrar e mellorar a súa situación profesional. O concello convertirase no asesor dos artífices facilitándolles os trámites administrativos para realizar a súa actividade no municipio e facendo de nexo de unión deles.

A base de operacións do programa será a casa da cultura «Villa Concepción», unha construción ecléctica e singular de finais do século XIX inspirada nas vilas de tradición francesa. Segundo estudos técnicos foi adquirida pola familia Fernández López, para estancia veraniega e repouso dunha das súas fillas, Concepción, á quen se debe o nome da Vila.

O inmoble pertenceu á mesma familia desde a súa construción ata o ano 2003. Non existen referencias ó proxecto orixinal, aínda que os descendentes recordan referencias a un arquitecto francés ou de influencia francesa. Nesta época traballou en Galicia o arquitecto Michel Pacewicz, facendo obras dun estilo similar, aínda que non hai constancia de que fora o autor do proxecto. Existen uns planos da edificación que datan de 1948 e que se supoñen levantados polo arquitecto Joaquin Riveiro López, fillo de dona Concepción, onde se aprecia que na edificación non hai cambios significativos dende entón.

Trátase dunha casa chea de detalles, os pavimentos, a galería, as fiestras, os armarios, os forxados, as vidreiras de cores. Hai moitos rincóns onde deterse e pousar a mirada. Todos estes detalles empregaranse para comunicar cada un dos eventos realizados por Artificios na casa, será coma un puzzle do inmoble que con cada evento destapará un segredo, unha nova peza.

O estreo da plataforma será a través dunha tenda efémera ou popup store. Un escaparate para dar a coñecer e vender os produtos dos artífices que non dispoñen dun punto de venda fixo e accesible ao público. Aparte permitiralles sacar os oficios fóra dos seus talleres e estudos e contactar directamente coas persoas. Para un mellor aproveitamento do evento os artífices están a recibir formación e asesoramento nas áreas de marketing e comunicación da man das empresas impulsoras e coordinadoras de Artificios: Sígariis e Javier Suárez Interiorismo.

Este formato de tenda celebrarase durante unha fin de semana cada seis meses, presentando as novidades dos artífices de cara a cada tempada. Durante esta primeira tenda efémera ademais de comprar os artificios, os artífices farán catas gastronómicas, presentacións dos seus produtos e oficios e o sábado pola noite celebrará unha sesión festiva. Contarán coa colaboración de Beatriz Sotelo e Xoán Crujeiras, cocineiros do restaurante cambrés A Estación posuidores dunha estrela Michelin. Ademais das actuacións musicais do Grupo da Escola de Música Sementeira, o cantante Hugo Torreiro e o trío de jazz «Nani García Trío» do premiado compositor Nani García.

Na primeira edición participan artífices de diferentes oficios: a xoiaría, o tecido, a cosmética natural, a destilaría, a enxeñaría, a marroquinaría, o vidro, a respostaría e a alimentación, todos empresarios do

Concello de Cambre

En cada nova edición da tenda efémera haberá novas actividades adaptadas á tempada e ó momento da súa celebración. O plan de accións de Artificios contempla aparte da tenda, organizar xuntanzas profesionais nas que durante unha fin de semana se reúnan na casa da cultura artífices consagrados e emerxentes de diferentes lugares para aprender e compartir acerca do seu oficio. Tamén levarán a cabo charlas monográficas abertas ao público para achegar e pór en valor a súa actividade. O obxectivo do concello con esta iniciativa é crear un tecido empresarial e profesional facendo de Cambre un punto de reunión de artífices, unha vila creativa e creadora de talento e Artificios referencia en Galicia.

No nacemento de Artificios contamos con artífices emerxentes e consagrados, algúns deles co selo de artesanía de Galicia. Os primeiros en sumarse son:

Acastrexa

Confituras, mel e zumes

acastrexa@gmail.com

www.acastrexa.wix.com/acastrexa

 /acastrexa

 @acastrexa

Abeluria

Xabóns naturais

abelurianatural@gmail.com

www.abeluria.com

 /abelurianatural

AbRocha

Marroquinaría

abrochacuero@gmail.com

 /Abrochaartesianiacuero

Belategui Regueiro


Deseño téxtil: tecido artesanán

obradoiro@belateguiregueiro.com

www.belateguiregueiro.com

 /belategui.regueiro

 @BelateguiReguei

 @belategui_regueiro

D&N Rei Joyas

Xoiaría

artesanajoyasdiarei@gmail.com

 @DinRei_Joyas

Hello Cakes

Repostaría artesá

info@hellocakes.es

www.hellocakes.es

 /hellocakes

José Antonio Santos

Pirograbado


tiavero12

Cake design

info@tiavero12.com

www.tiavero12.com

 /tiavero12tartasconarte

 @tiavero12

My Mary

Téxtil: roupa infantil

mymarykidsclothes@gmail.com

 /Mymaryropitainfantil

Panchi Morán

Vidreiras artesás

vidrieras@panchimoran.com

www.panchimoran.com

 /VidrierasArtisticasPanchiMoran

 Vidrieras artisticas Panchi Moran

Polo Enríquez

Vidro artesán

polo@poloenriquez.com

 /PoloEnriquezVidrieras

 @poloenriquez

Ramos

Construción e enxeñaría

info@ramosproyectosyobras.com

www.ramosproyectosyobras.com

Vaitevindo tocados

Téxtil: tocados

vaitevindotocados@gmail.com

 /vaitevindo.tocados

Vánagandr

Destilaría

direccion@vanagandr.com

www.vanagandr.com

 /vanagandrdestilerias

NOTA DE PRENSA

ARTIFICIOS CHEGA A CAMBRE PARA HABITAR «VILLA CONCEPCIÓN»

A ecléctica casa cultural de Cambre acollerá unha particular tenda efémera dos creadores da zona.

Os días 12 e 13 de decembro comeza Artificios, un programa para a exhibición e difusión dos artífices do municipio, das persoas que crean, que realizan co seu enxeño e producen coas súas mans. Esta iniciativa, que nace da man do concello de Cambre, terá lugar na casa da cultura «Villa Concepción», ubicada na nacional VI ao lado da rotonda do Seijal.

A tenda efémera será inaugurada polo alcalde de Cambre, Óscar García Patiño, o sábado ás 11 da mañá e permanecerá aberta ata media noite. Abrirá de novo o domingo ás 11:00 e clausurarase ás 19:00.

Durante só dous días reuniranse **artífices consagrados e emerxentes para dar visibilidade e vender as súas creacións nun formato de tenda efémera** ou popup. Os visitantes experimentarán nestes dous días concentrados, de actividades para achegar os seus produtos mediante catas, presentacións e degustacións. O domingo realizarase unha **poxa benéfica** en favor da asociación ADRA con sede no Temple. Poxaranse obxectos creados para o evento polos artífices participantes. O sábado á noite, colaborarán como invitados os cocineiros Beatriz Sotelo e Xoán Crujeiras do restaurante cambrés posuidor dunha estrela Michelin A Estación. Durante a fin de semana haberá varias actuacións musicais a cargo de veciños do concello. A inauguración estará amenizada polo Grupo da Escola de Música Sementeira, o sábado á noite actuará Hugo Torreiro e á clausura o domingo pola tarde será cun concerto do premiado Nani García con seu trío de jazz «Nani García Trío». A entrada e participación na popup é totalmente gratuita.

Estas actividades terán lugar no marco da casa de finais do século XIX «Villa Concepción» recentemente declarada a segunda mellor casa de Europa polos lectores da publicación alemana Homify. Esta lucirá outro aspecto creado para a ocasión. Todas as súas estancias mudarán para ser por unhas horas os contedores dos Artificios.

Na primeira edición participarán artífices de diferentes oficios coma o vidro, o modelado, a xoiaría, a gastronomía e a destilaría, a marroquinaría, a moda e os tecidos, o deseño industrial e o benestar.

Cambre unha vila creativa e creadora de Artificios

Artificios transformarase nun centro de apoio aos creadores non só do concello de Cambre senón dos concellos da contorna para facer medrar o tecido empresarial creador e cultural do municipio. A tenda efémera ou popup é o comezo das actividades que acollerá a plataforma, cuxo obxectivo é celebrarse cada seis meses co gallo da presentación de cada tempada. Ademais programaranse encontros profesionais de artífices nos que compartirán coñecementos técnicos e teóricos. O obxectivo é transformar Cambre nunha vila creativa e creadora de Artificios.

PROGRAMA

SÁBADO 12

11:00 Apertura de portas coa actuación do Grupo da Escola de Música Sementeira
Presentación dos artífices e dos seus Artificios

12:30 **tíavero12**. Demostración de modelado da figura dun bebé en pasta de azucre

13:30 **Acastrexa**. Cata de novos sabores comestíbeis e bebíbeis

17:00 Os complementos de Artificios

- **AbRocha**. O coiro hoxe
- **DyN Rei Joyas**. Unha emoción, Historia dunha xoia

18:00 O téxtil de Artificios

- **My Mary roupa infantil**. Tendencias para o inverno e o Nadal
- **Belategui Regueiro**. Innovación no tear
- **Vaitevindo**. Pérdelle o medo aos tocados

20:00 «A Estación» en **ARTIFICIOS**. Presentación dos petiscos creados por Beatriz Sotelo e Xoán Crujeiras estrelas Michelin do restaurante A Estación, en maridaxe con cocteis de David Ortiz de Baobab Cocktail Bar e xenebra Vánagandr

22:00 Sesión de noite en «VILLA CONCEPCIÓN»

- **Vánagandr**. Presentación da xenebra
- Actuación musical de Hugo Torreiro

00:00 Peche de portas

DOMINGO 13

11:00 Apertura de portas.

11:30 O vidro de Artificios

- **Panchi Morán**. Vidreiras no fogar
- **Polo Enríquez**. Revivindo o vidro

12:30 **POXA BENÉFICA DOS ARTIFICIOS EN FAVOR DA ASOCIACIÓN ADRA**

14:00 **Hello Cakes**. Cata: salgado vs doce

17:00 Activando o olfato

- **Abeluria**. Os aromas espertan os nosos sentidos

17:30 **tíavero12**. Demostración de modelado en pasta de azucre da figura de Papá Noel chef

19:00 Clausura de Artificios co concerto do trío de jazz «Nani García Trío»

Actividade paralela:

Exposición na cafetería (pranta baixa) das pezas cedidas polos artífices aos fondos da casa da cultura «Villa Concepción».

ARTIFICIOS

Casa da cultura «Villa Concepción»
Plaza Vila Concepción, 1
15679, Cambre - A Coruña

12 e 13 de decembro 2015
Sábado de 11:00 - 00:00
Domingo de 11:00 - 19:00

 /ArtificiosVillaConcepcion

 @ArtificiosVilla

#ArtificiosVilla

ORGANIZA:



COORDINA:

 Sígaris

Javier
suárez
interiorism

PATROCINA:

GADIS

COLABORA:

Awen Studio


Nadia Quintela
Comunicación

ALVE